



**Expediente núm.:** 6898/2024

**Resolución con número e data establecidos á marxe.**

**Asunto:** APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DESEÑO DOS ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E NAS VIVENDAS DO CONCELLO DO PORRIÑO NO NADAL 2024.

## DECRETO DE ALCALDÍA

**MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO**

Este Concello, a través da súa Concellería de Comercio, e dentro da celebración das Festas de Nadal, convoca o Concurso de iluminación e deseño dos escaparates de Nadal nos establecementos comerciais e nas vivendas do Concello do Porriño coa conseguinte concesión de premios (Categoría A: primeiro, segundo e terceiro clasificados, Categoría B: primeiro e segundo clasificados e Categoría C: primeiro e segundo clasificados) aos establecementos comerciais e vivendas participantes.

Tendo en conta a necesidade de aprobar unhas bases que rexan a mencionada convocatoria, de conformidade co disposto na Lei 3872003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, RD, 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da devandita lei, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia de demais normativa de aplicación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente, segundo consta no informe da intervención municipal con data do 19 de novembro de 2024: "No presente caso, dedúcese do contido das bases que os premios concederáanse no seguinte ano 2025 por abarcar a campaña do nadal os meses de decembro 2024 - xaneiro 2025. Polo tanto, o seu tratamento aseméllase ao procedemento de anticipo de gasto en materia de contratación, quedando supeditada a concesión destes premios á habilitación de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal de 2025. A tal fin, deberáse tramitar o correspondente documento RC nos primeiros días de xaneiro para a correcta continuidade do expediente."

### RESOLVO:

Prestar aprobación ás seguintes bases da convocatoria por premios en metálico ao primeiro, segundo e terceiro clasificados da Categoría A, e primeiros e segundos clasificados das Categorias B e C no Concurso de iluminación e deseño dos escaparates de Nadal nos establecementos comerciais e nas vivendas do Concello do Porriño que son do seguinte teor literal:

**"EXPEDIENTE: 6898/2024**

**BASES DO CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DESEÑO DOS ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E NAS VIVENDAS DO CONCELLO DO PORRIÑO NO NADAL 2024**





Concello do Porriño

Con motivo das celebracións das festas de Nadal, o Concello do Porriño convoca o Concurso de iluminación e deseño dos escaparates dos nosos establecementos comerciais e das vivendas situadas no noso concello.

## **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente concurso ten por obxecto dinamizar a participación activa dos cidadáns e cidadás do noso concello, así como visibilizar e apoiar o noso comercio local, conseguindo así unha colaboración máis completa para infundir un ambiente de Nadal decorativo. Todo isto, baseado en valores como o traballo en común e a cooperación entre a veciñanza do noso concello.

O Concello do Porriño é consciente do emotivas que son estas datas, polo que queremos valorar o traballo e o esforzo, tanto dos nosos veciños e veciñas, coma dos comercios; así como darlle o protagonismo activo como fonte de desenvolvemento e intervención comunitaria na localidade.

Neste contexto, convócase este concurso conforme ás seguintes bases, cuxo texto íntegro se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello do Porriño, na páxina web municipal ([www.oporrino.org](http://www.oporrino.org)), nun dos xornais de maior circulación do municipio e nas redes sociais desta Administración.

## **SEGUNDA.- REQUISITOS**

Poderán participar as vivendas e os establecementos comerciais, hostaleiros e outros negocios empresariais que contén con establecemento físico e aberto ao público. Todos eles terán que estar situados no termo municipal do concello do Porriño e as persoas inscritas deberán ser maiores de idade na data da inscrición.

Por tanto, este concurso contará con tres categorías:

1. **ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS.** Neste caso valoraranse os escaparates e fachadas dos establecementos, que terán que ter un deseño arredor da temática do Nadal. No caso de que algún establecemento comercial non dispoña de escaparate valorarase a decoración da fachada do local comercial.
2. **VIVENDAS.** Neste caso valorarase a decoración exterior da vivenda. Acéptase tanto a decoración dos balcóns, fachadas, ventás e toda aquela decoración que se poida ver dende fóra.
3. **COMUNIDADES DE VECIÑOS E VECIÑAS.** Neste caso renuncian a un posible premio individual e valorarase a decoración exterior das vivendas, aceptando tanto a decoración dos balcóns, fachadas, ventás e toda aquela decoración que se poida observar no caso de que se poida ver dende fóra.

A decoración deberá ser realizada antes do día 11 de decembro e só se poderá presentar ao concurso un único proxecto por local comercial e por vivenda.

As persoas participantes disporán da súa propia iluminación e/ou decoración nas condicións que permitan visualizar claramente o espazo decorado no seu conxunto polo público en xeral.

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

### **TERCEIRA.- LUGAR E PRAZO DE INSCRICIÓN**

A inscrición é totalmente gratuíta e poderá realizarse por rexistro ou mediante o envío do anexo correspondente ao seguinte correo electrónico:

[registro@oporrino.org](mailto:registro@oporrino.org)

O prazo de inscrición é dende o día da publicación das bases ata as 14:00 horas do día 9 de decembro (ambos os dous incluídos).

### **CUARTA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais desta, tendo os/as participantes plena liberdade en canto á técnica e ao estilo.

Os elementos decorativos do Nadal, no seu conxunto, deberán permanecer expostos durante o período establecido (do 9 de decembro de 2024 ata o 7 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos).

Así mesmo, entre os días 9 e 13 de decembro todas as persoas participantes deberán enviar fotos ou vídeos dos seus escaparates, establecementos, vivendas etc., ao seguinte enderezo de correo electrónico: [registro@oporrino.org](mailto:registro@oporrino.org)

A inscrición e participación neste concurso implica a autorización ao Concello do Porriño para a publicación de fotografías e vídeos nas redes sociais, co fin de promocionar e dar publicidade ás actividades.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e o sometemento expreso das decisións interpretativas destas, que efectúe a organización. Esta organización resérvase o dereito a descartar ás persoas participantes que incumpran as bases, e especialmente, calquera participación que vaia en contra destas.

Coa aceptación destas bases, os/as participantes comprenden os termos e condicións destas e comprométense a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación a este respecto; de modo que, polo simple feito de participar no concurso, están prestando o seu consentimento a someterse ás bases e á legalidade de forma total e irrevogable.

A manifestación en contrario do/a participante, independentemente do momento na que se realice, implicará a autoexclusión do concurso e a liberación da organización de calquera compromiso adquirido coa persoa participante.

Calquera imprevisto non contemplado nestas bases será resolto pola organización.

### **QUINTA.- PREMIOS E CATEGORÍAS DE VALORACIÓN**

Establécense dúas categorías de valoración:

1. **Votación do xurado.** O xurado valorará os escaparates en función do establecido no apartado sétimo destas bases. A votación do xurado terá unha ponderación do 80% para o cálculo da puntuación total.

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

2. **Votación popular.** Expoñeranse as fotografías dos escaparates participantes nas redes sociais do Concello e estará habilitada dende o 16 de decembro ao 4 de xaneiro. Esta votación terá unha ponderación do 20% para o cálculo da puntuación total.

A contía dos premios será por categoría:

#### **CATEGORÍA A: ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS**

- Primeiro premio: 900,00 €
- Segundo premio: 700,00 €
- Terceiro premio: 450,00 €

#### **CATEGORÍA B: VIVENDAS**

- Primeiro premio: 400,00 €
- Segundo premio: 250,00 €

#### **CATEGORÍA C: COMUNIDADES DE VECIÑOS/AS**

- Primeiro premio: 400,00 €
- Segundo premio: 250,00 €

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF, de acordo coa lexislación vixente. O pago dos premios faráselle ás persoas ou entidades que figuren na inscrición mediante transferencia bancaria, que deberán presentar os seguintes documentos:

1. Certificación bancaria que acredite a titularidade desta.
2. Certificación de estar ao día coa Agencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Este documento poderá substituírse por unha declaración xurada.

#### **SEXTA.- XURADO**

O organismo encargado da avaliación será o xurado composto por:

1. Un representante do Concello do Porriño.
2. Dúas persoas expertas especialistas en escaparatismo e decoración.
3. Un máximo de catro representantes doutras entidades, asociacións ou organizacións que queiran formar parte do concurso.

Polo tanto, o xurado estará conformado por un máximo de 7 persoas, que serán independentes e non estarán vinculadas ao concurso de forma directa.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “deserta” algunha das categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes, ou se non se considera que existe un mínimo de “traballo e orixinalidade”.

#### **SÉTIMA.- VALORACIÓN**

Para a valoración dos elementos decorativos do Nadal de cada establecemento ou casa, os membros do xurado terán en conta os seguintes criterios:

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





1. **Composición e deseño:** avaliarase a estrutura e organización do espazo expositivo. A disposición debe ser equilibrada e permitir unha distribución visual atractiva e ben proporcionada entre os elementos, ademais de facilitar a comprensión da idea ou temática escollida. A composición debería transmitir orde e claridade.
2. **Calidade e harmonía:** valorarase a coherencia entre os elementos empregados e a unidade estética da presentación. Os produtos e elementos decorativos deben estar ben seleccionados, contribuíndo a unha sensación de harmonía no conxunto. A calidade dos acabados tamén é importante, polo que se reflectirá coidado e atención ao detalle.
3. **Iluminación:** a iluminación axuda a crear un ambiente adecuado e a resaltar os detalles da composición. Avaliarase o uso creativo da luz, tendo en conta a intensidade, a dirección e a cor, co obxectivo de destacar os produtos e de contribuír a unha atmosfera festiva e acolledora.
4. **Creatividade e orixinalidade:** terase en conta a innovación e a capacidade de achegar algo único á exposición. Unha proposta creativa debería amosar unha visión orixinal, apartándose das ideas convencionais e sorprendendo ao público cun enfoque novo ou diferente do espírito do Nadal.
5. **Exposición dos produtos:** avaliarase a organización e presentación dos produtos de forma que sexan accesibles e atractivos para o público. Os produtos deben estar dispostos de maneira ordenada, que facilite a súa visibilidade e que responda aos intereses das persoas observadoras. No caso de non poder contar co acceso directo do xurado a través da rúa ou portal, será obrigatorio enviar un vídeo detallado dos elementos decorativos. De non facelo, podería quedar descualificado/a, ao non poder verificar o traballo realizado.
6. **Coidado do medio ambiente, emprego de materiais de reciclaxe ou materias primas naturais:** valorarase o uso de materiais reciclados ou naturais, como abeto, magnolio, tuia e outras especies vexetais respectuosas co medio ambiente. Avaliarase o emprego destes recursos de maneira sustentable, promovendo a conciencia ambiental a través dunha proposta de Nadal que combine a estética coa responsabilidade ecolóxica.

Estas bases de valoración permitirán avaliar as propostas tendo en conta aspectos estéticos, creativos e de responsabilidade ambiental, buscando un equilibrio entre a orixinalidade e a sostibilidade.

#### **Puntuación:**

1. Composición e deseño - 25 puntos

Avaliarase a estrutura, organización e atractivo visual da composición.

2. Calidade e harmonía - 15 puntos

Valorarase a coherencia e unidade dos elementos, así como a calidade dos acabados.





Concello do Porriño

### 3. Iluminación - 10 puntos

Avaliarase o uso creativo e funcional da iluminación, contribuíndo á atmosfera xeral.

### 4. Creatividade e orixinalidade - 15 puntos

Considerarase a innovación e o enfoque único na presentación da temática.

### 5. Exposición dos produtos - 15 puntos

Avaliarase a accesibilidade e visibilidade dos produtos. Se non hai acceso directo para o xurado, é obrigatorio o envío dun vídeo detallado dos elementos decorativos para evitar a descualificación.

### 6. Coidado do medio ambiente, empregando materiais de reciclaxe ou materias primas naturais - 20 puntos

Valorarase o uso de materiais sostibles, como abeto, magnolio e tuia, e a integración de prácticas respectuosas co medio natural.

A puntuación reflicte a importancia da composición e do compromiso co medio ambiente no deseño de Nadal. No caso de empate, o premio repartirase proporcionalmente entre as persoas gañadoras.

O veredicto do xurado darase a coñecer a través dos medios de comunicación, da páxina web do Concello do Porriño e nas correspondentes redes sociais. Ademais, será comunicado a través do correo electrónico e/ou chamada telefónica ás persoas e establecementos premiados.

## OITAVA.- VEREDICTO

O resultado será a suma do 80% dos votos do xurado e o 20% dos votos populares, que se dará a coñecer a través dos medios de comunicación, da páxina web do Concello do Porriño e das correspondentes redes sociais.

O día 5 de xaneiro daranse a coñecer os premiados e premiadas nun acto público que se celebrará ás 12:00 horas na praza do Concello ou no salón de plenos (esta localización poderá ser modificada).

## Documento asinado dixitalmente á marxe

## ANEXO I.- CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DESEÑO DOS ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E NAS VIVENDAS DO CONCELLO DO PORRIÑO NO NADAL 2024

### CATEGORÍA A

### INSCRICIÓN

### DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL:

Nome comercial do establecemento:

\_\_\_\_\_

Enderezo do establecemento: \_\_\_\_\_

Teléfono fixo/móbil: \_\_\_\_\_

### Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

**DATOS DO/A SOLICITANTE/TITULAR/PROPIEDAD:**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ Domicilio: \_\_\_\_\_

Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos recollidos na presente solicitude de inscrición, serán incorporados a un ficheiro de responsabilidade do Concello do Porriño, coa finalidade de que vostede poida participar no CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DESEÑO DOS ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E NAS VIVENDAS DO CONCELLO DO PORRIÑO NO NADAL 2024. Informámolo/a de que os seus datos van ser publicados na páxina web do Concello como participante e, en todo caso, como finalista ou gañador/a do dito concurso.

Así mesmo, tendo en conta que para promover o concurso se van publicar imaxes nas que vostede poida aparecer, solicitamos, de conformidade coa Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o seu consentimento para utilizar as imaxes captadas:

- Autorizo  
 NON autorizo

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos que se establecen na lei a través do seguinte enderezo: Praza de Antonio Palacios, s/n, CP 36400, O Porriño.

Mentres non se nos comunique o contrario entenderemos que os seus datos están actualizados. No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, pedimos que o comunique debidamente por escrito coa finalidade de manter a información actualizada.

Coa firma da presente solicitude de inscrición, entendemos que presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de acordo cos termos xa expresados.

Coñecendo a normativa de referencia, así como as bases legais do concurso, acepto o compromiso de someterme a estas.

O Porriño, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

Asinado:

**ANEXO II.- CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DESEÑO DOS**

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

## **ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E NAS VIVENDAS DO CONCELLO DO PORRIÑO NO NADAL 2024**

### **CATEGORÍAS B E C**

### **INSCRICIÓN**

#### **DATOS DO SOLICITANTE/TITULAR/PROPIEDAD**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ Domicilio: \_\_\_\_\_

Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Dirección da vivenda obxecto do concurso: \_\_\_\_\_

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos recollidos na presente solicitude de inscrición, serán incorporados a un ficheiro de responsabilidade do Concello do Porriño, coa finalidade de que vostede poida participar no CONCURSO DE ILUMINACIÓN E DESEÑO DOS ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E NAS VIVENDAS DO CONCELLO DO PORRIÑO NO NADAL 2024. Informámolo/a de que os seus datos van ser publicados na páxina web do Concello como participante e, en todo caso, como finalista ou gañador/a do dito concurso.

Así mesmo, tendo en conta que para promocionar o concurso se van publicar imaxes nas que vostede poida aparecer, solicitamos, de conformidade coa Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o seu consentimento para utilizar as imaxes captadas:

- Autorizo
- NON autorizo

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos que se establecen na lei a través do seguinte enderezo: Praza de Antonio Palacios, s/n, CP 36400, O Porriño.

Mentres non se nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos están actualizados. No caso de producirse algunha modificación destes, pedimos que o comunique debidamente por escrito coa finalidade de manter a información actualizada.

Coa firma da presente solicitude de inscrición, entendemos que presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de acordo cos termos xa expresados.

Coñecendo a normativa de referencia, así como as bases legais do concurso, acepto o compromiso de someterme estas.

O Porriño, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579







Concello do Porriño

Asinado:"

**Para que conste aos efectos oportunos, libro a presente de orde co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Porriño na data sinalada na marxe.**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: AYK23A9RHXRDD6ASP9WUJ95D7R  
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

